



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Macroeconomía II	Código	611111302	
Titulación	Licenciado en Economía			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	2º cuatrimestre	Terceiro	Troncal	7.5
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Análise Económica e Administración de Empresas			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web	http://www.netvibes.com/fernandobruna			
Descrición xeral	Curso de macroeconomía de nivel intermedio. Farase especial fincapé na teoría económica da innovación e o crecemento económico, no paro, nos mercados internacionais e nalgúns dos aspectos máis relevantes da crise económica actual.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A2	Identificar e anticipar problemas económicos relevantes en relación coa asignación de recursos en xeral, tanto no eido privativo como no público.
A3	Aportar racionalidade á análise e á descrición de calquera aspecto da realidade económica.
A4	Avaliar consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as mellores dadas os obxectivos.
A5	Emitir informes de asesoramento sobre situacións concretas da economía (internacional, nacional ou rexional) ou de sectores da mesma.
A8	Identificar as fontes de información económica principais e o seu contido, derivando dos datos a información relevante.
A9	Entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou empíricas acerca de como funciona a economía.
A10	Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados na utilización de instrumentos técnicos.
B1	Estimular a capacidade de aprendizaxe.
B4	Utilizar, de xeito habitual, a tecnoloxía da información e as comunicacións en todo o seu desenvolvemento profesional.
B5	Comunicarse con fluidez no seu entorno e traballar en equipo.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Comprender os fundamentos teóricos dos principais temas macroeconómicos.	A2 A3 A4 A9	B1	C6 C8
Dotarse de ferramentas para entender a situación económica actual e para manexar os datos máis relevantes.	A5 A8 A10	B1 B4 B5	C3 C6 C7 C8



Contidos	
Temas	Subtemas
Bloque I - INTRODUCCIÓN	Tema 1 Modelos, variables e prazos en Macroeconomía Tema 2 Medición en Macroeconomía Tema 3 Modelo de produción e distribución da Renda Nacional
Bloque II - O LONGO E MEDIO PRAZO	Tema 4 Modelo neoclásico de crecemento económico Tema 5 Economía das ideas e outros factores de crecemento Tema 6 Diñeiro e inflación Tema 7 A restrición orzamentaria do sector público Tema 8 O mercado de traballo e o paro
Bloque III - O CURTO PRAZO	Tema 9 Os mercados de bens e financeiros. Modelo IS-PM Tema 10 Paro, inflación e o modelo OA-DA Tema 11 Flutuacións. A crise económica actual
Bloque IV - A ECONOMÍA INTERNACIONALIZADA	Tema 12 Tipos de cambio Tema 13 O modelo de economía aberta

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral		60	90	150
Solución de problemas		5	7.5	12.5
Traballos tutelados		1.5	15	16.5
Presentación oral		3	4.5	7.5
Atención personalizada		0		0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Clase maxistral complementada con material didáctico colgado na plataforma Moodle: diapositivas que resumen os contidos explicados en clase e lecturas de apoio.
Solución de problemas	Resolución dos problemas colgados en Moodle, semellantes aos que poden pedirse no exame.
Traballos tutelados	Traballo de carácter voluntario. Ver en Moodle o documento "Contido e metodoloxía dos traballos de carácter voluntario".
Presentación oral	Os traballos voluntarios entregaranse por escrito e tamén se presentarán en clase.

Atención personalizada



Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>Ver documento en Moodle "Contido e metodoloxía dos traballos voluntarios"</p> <p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none">I. Manexar unha fonte de datos estatísticos e excel.II. Reflexionar sobre un fenómeno: formular unha pregunta.III. Estudar un capítulo dun dos libros recomendados en Macroeconomía II, o que será útil tamén para o exame.IV. Sintetizar posibles respostas á pregunta consultando 2-3 artigos (para un traballo individual). <p>Fases:</p> <ul style="list-style-type: none">1) Preproxecto e 1º xuntanza co profesor.2) Proxecto.3) Guión e 2ª xuntanza co profesor.4) Investigación final, redacción e entrega.5) Exposición.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados		Puntuación máxima se o traballo é de alta calidade	1
Presentación oral		Exposición do traballo	0.5
Outros			

Observacións avaliación



O exame constará de dúas partes.

A primeira será tipo test, con penalización por resposta errónea. Nalgunhas preguntas pode haber un espazo para que faga explícitos os cálculos ou detalles sobre a resposta.

A segunda parte terá catro preguntas A ESCOLLER TRES delas. Serán preguntas teóricas de relacionar ideas ou problemas. O ESPAZO DE RESPOSTA ESTARÁ LIMITADO, pense no que se lle pregunta exactamente. Ver o documento colgado en Moodle "Normas para a realización dun exame".

Recoméndase acudir a titorías para resolver calquera dúbida.

- TELÉFONO:

981 167 000 - Ext. 4402

- DESPACHO:

Entrechán, corredor detrás dos ascensores, fronte ao decanato. (Área pertencente á administración da antiga Escola de Empresariais).

- HORARIOS DE TITORÍA:

Luns: de 10.00 a 11.30 h.

Martes: de 10.00 a 11.30 h.

Mércores: de 10.00 a 10.30 e de 11.30 a 14.00 h.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Makiw, N. Gregory (varias edicións). Macroeconomía . Antonio Bosch

- Jones, Charles I. (2009). Macroeconomía. Antoni Bosch

- Blanchard, Olivier (varias edicións). Macroeconomía. Prentice Hall

Estes son os tres manuais nos que se basea a asignatura. Pode utilizar calquera deles, pero teña en conta que cada tema pode basearse máis nun manual distinto e coller contidos de outro, como se indicará.No documento colgado en Moodle "Contido e metodoloxía dos traballos voluntarios" pode atopar unha táboa de correspondencias entre os temas da asignatura e os capítulos destes tres libros.

Bibliografía complementaria

- Warsh, David (2008). El conocimiento y la riqueza de las naciones. Antonio Bosch

- Easterly, William (2003). En busca del crecimiento. Antonio Bosch

- Jones, Charles I. (2000). Introducción al crecimiento económico.. Prentice Hall

Cítanse aquí só tres libros que se utilizarán no bloque II, na teoría do crecemento económico. Para cada tema colgarase en Moodle un índice analítico (resumindo o tema) e a bibliografía na que se basea.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Macroeconomía I/611111207

Observacións



Recoméndase acudir a titorías para resolver dúbidas.

Lembre que o exame vai ser de comprensión, de razoar e relacionar ideas.

Esta materia estúdase con esquemas e resumes, facendo unha primeira atacada a todo o temario e volvendo despois atrás para estudar os detalles.

O profesor comunícase cos estudantes subscritos á materia en Moodle a través dos seus e-mails da UdC. Para quen non teña costume de visitar a súa conta da universidade, recoméndase que vincule este mail ao da conta que normalmente utilice, vía protocolo POP3 ou semellante (consultar ao servizo de informática).

As cualificacións da materia comunicaranse ao teléfono móbil a aqueles subscritos a este servizo nesta asignatura. Tamén se colgarán en Moodle e se enviará un mail de aviso.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías